



IESCHA

<http://estudoschairegos.wix.com/iescha>
estudoschairegos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 VILALBA (LUGO)

NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

RECITAL PRESENTACIÓN LUGO PHILADELPHIA DE LOIS PÉREZ CON FOTOGRAFÍAS DE ALBA DÍAZ


VENRES 16 DE XUÑO DE 2023 – 20:00 HORAS
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), continuando cos actos programados para este mes de xuño, organiza a presentación do libro "**Lugo Philadelphia**" (Xerais, 2023), cun recital a cargo do poeta **Lois Pérez** e da fotógrafa **Alba Díaz**, autores do libro, e de **Lois Pérez (fillo)** en teclados. Poesía, música e humor para unha viaxe de ida e volta a Philadelphia, A Piringalla e a Terra Chá, coa música dos Stones e algunha outra sorpresa.

Será o **venres 16 de xuño ás 20:00 h. na Casa da Cultura de Vilalba**

LOIS PÉREZ (Lugo, 1979) é mestre, contador de historias, poeta, escritor e guionista. No eido da dramaturxia, gañou en 2008 o Premio de Teatro Radiofónico da Radio Galega con «Saltimbanqui» (Xerais, 2008), dirixida e adaptada por Quico Cadaval. Como poeta, publicou «LP» (2013), «Long Play» (Xerais, 2017) e «Lugo Philadelphia» (Xerais, 2023), con fotografías de Alba Díaz. En 2017 gañou o Premio aRi[t]mar ao mellor poema editado en Galicia nese ano por «Blues do rei Bergman=B.B. King».



Coordina a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e, no eido do ensino público, traballou e promoveu diferentes proxectos de innovación na normalización lingüística do galego na escola, premiados todos eles por organismos oficiais e institucións diversas. Escribe de rock and roll e literatura no suplemento cultural «Táboa Redonda». Con «A gruta da torre» (Xerais, 2022) gañou o V Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade.

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO